

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 13 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do xurado de selección que seleccionará, analizará e valorará as solicitudes das persoas aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18.

A Orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, do 15 de febreiro de 2019, pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2017/18 (*Diario Oficial de Galicia* do 4 de marzo), establece no seu artigo 11 que para a selección, análise e valoración das solicitudes a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa designará un xurado de selección composto por un presidente ou unha presidenta, e ata un máximo de seis vogais coa categoría de subdirector/a xeral, xefe/a de servizo ou inspectores e inspectoras de Educación.

De conformidade co establecido no citado artigo 11 e na disposición derradeira primeira da citada Orde do 15 de febreiro de 2019

RESOLVO:

Designar os membros do xurado de selección que deberá seleccionar, analizar e valorar as solicitudes das persoas aspirantes aos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2017/18 e facer pública a súa composición que é a que figura no anexo a esta resolución.

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional
e Innovación Educativa



ANEXO

Xurado de selección.

– Titulares:

Presidenta: María del Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

M. Eugenia Pérez Fernández, subdirectora xeral de Formación Profesional.

Jesús Manuel Rodríguez Buján, xefe do Servizo de Ordenación e Formación Profesional.

Elisa Isabel Amoedo Barciela, inspectora de Educación.

Manuel Guerra Fernández, inspector de Educación.

José Luis Vázquez Fernández, inspector de Educación.

Miguel Ángel Luis Callón Fernández, inspector de Educación.

– Suplentes:

Presidente: Juan Durán Alonso, subdirector xeral de Aprendizaxe Permanente e Ensinanzas de Réxime Especial.

Vogais:

Iván Mira Fernández, subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

José Antonio Jardón Bahía, xefe do Servizo de Xestión da Formación Profesional.

Antonio Estévez Rodríguez, inspector de Educación.

María del Carmen García Rodríguez, inspectora de Educación.

Judith Fernández Novoa, inspectora de Educación.

Íñigo Barreiro García, inspector de Educación.

